



Mans Unidas é unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento, católica e de voluntarios, que traballa polo desenvolvemento dos pobos máis empobrecidos da terra e asume a responsabilidade de fomentar, na sociedade española, a conciencia do escándalo da fame e a pobreza e das estruturas inxustas que os manteñen.

Porque cremos que os bens están destinados a cubrir as necesidades de todas as persoas e que a alimentación é un dereito humano fundamental...

DENUNCIAMOS:

- A vulneración do dereito humano á alimentación para máis de 815 millóns de persoas que pasan fame no noso mundo.
- A crecente consideración dos alimentos como mercadorías de negocio por encima do seu uso imprescindible para a vida das persoas.
- A extensión e protección dun modelo produtivo a gran escala que se manifesta claramente insostible.
- A especulación cos recursos naturais que priva aos máis vulnerables dos bens necesarios para ter unha vida digna.
- O despilfarro alimentario como consecuencia dese modelo de produción e do mantemento duns estilos de vida e consumo individualistas, insostibles e insolidarios.

DEMANDAMOS:

- Que o dereito á alimentación se promova por riba de todo como condición indispensable para que se poidan cumprir os demais dereitos.
- Que os alimentos se produzan, sobre todo, para alimentar ás persoas e non para producir enerxía ou alimentar ao gando.
- Que os responsables de protexer o cumprimento dos dereitos -os Estados e quen os gobernan- asuman a súa obrigaón de promover o dereito á alimentación e penalicen a súa vulneración.
- Que os que participan no comercio de alimentos estean comprometidos cuns modelos de produción e distribución máis sostenibles e xustos.
- Que os gobernos, as institucións internacionais e a sociedade civil dean prioridade ao ben común como obxectivo de toda actividade económica.

QUEREMOS:

- Compartir as nosas propostas, experiencias e iniciativas de cambio para un mundo máis xusto. A experiencia dos nosos socios locais e as comunidades ás que representan móstrannos esas propostas en forma de acceso aos recursos, capacitación en prácticas agrícolas sostibles, formación de líderes, fortalecemento comunitario e incidencia no reclamo dos seus dereitos.
- Apoiar e compartir alternativas de produción sostible practicadas polos pequenos agricultores que son quen garanten o acceso aos alimentos para máis de dous terzos da poboación mundial.
- Poñer en común novas formas de consumo máis responsable e sostible e denunciar a especulación cos alimentos que inflúe de xeito determinante no dereito á alimentación das comunidades máis empobrecidas da terra.
- Propoñer sistemas de produción e consumo sostibles e respetuosos co medioambiente, baseados en modelos agroecolóxicos, mediante un traballo de educación e acompañamento da sociedade civil global.
- Comprometermos a cambiar os nosos estilos de vida para facelos máis solidarios e sostibles, reducindo o despilfarro de alimentos ata eliminalo.

**COMPARTIR O QUE IMPORTA É
POÑER EN COMÚN A NOSA VIDA, OS NOSOS BENS
E O NOSO COMPROMISO POR UN MUNDO MELLOR,
ONDE CADA PERSOA POIDA VIVIR CON DIGNIDADE.**